



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZANOVE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Expte: 2022/G007/000016

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e trinta minutos do día dezanove de maio de dous mil vinte e dous, reúnense en primeira convocatoria baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, os concelleiros da Xunta de Goberno Local: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa; para os efectos de celebrar a sesión ordinaria correspondente e convocada para este día. Actúa coma secretaria a que o é da Corporación, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

Orde do Día

PARTE RESOLUTIVA

1º.-EXPEDIENTES DA ÁREA DE URBANISMO.-

A).- Licenza de primeira ocupación

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“- Expte 04/2021. [REDACTED] - Para a licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar sita [REDACTED] parroquia de Valdoviño e que se corresponde co expediente de obras 57/2020, licenza concedida en X.G.L. de data 16 de xullo de 2020.

Visto o informe do arquitecto municipal de 16 de maio de 2022 no que conclúe que o edificio executado reúne as condicións establecidas para destinalo ao uso previsto (vivenda) polo que informa **favorable** a licencia de 1ª ocupación,

Esta Alcaldía en uso das competencias atribuídas pola lei 7/1985 de 02 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conceder ao petionario [REDACTED] a licenza de 1ª ocupación de vivenda unifamiliar sita na [REDACTED] segundo o disposto no artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Vivenda en Galicia, autorizando a posta en uso da vivenda.

Segundo.- Practicaráselle a liquidación (taxa) por expedición de licencia de 1ª ocupación, con importe de 53,72 euros.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ao interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

En Valdoviño, 16 de maio de 2022.

O alcalde, Asinado/Alberto González Fernández”

-
A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.

B).- Licenza de primeira ocupación.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“- **Expte 01/2022.** [REDACTED] Para a licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar sita en [REDACTED] parroquia de Meirás, Valdoviño e que se corresponde co expediente de obras 193/2019, licenza concedida en X.G.L. de data 21 de maio de 2020.

Visto o informe do arquitecto municipal de 16 de maio de 2022 no que conclúe que o edificio executado reúne as condicións establecidas para destinalo ao uso previsto (vivenda) polo que informa **favorable** a licencia de 1ª ocupación,

Esta Alcaldía en uso das competencias atribuídas pola lei 7/1985 de 02 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Conceder ao petionario [REDACTED] a licenza de 1ª ocupación de vivenda unifamiliar sita [REDACTED] - Valdoviño, segundo o disposto no artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Vivenda en Galicia, autorizando a posta en uso da vivenda.

Segundo.- Practicaráselle a liquidación (taxa) por expedición de licencia de 1ª ocupación, con importe de 85,95 euros.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ao interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

En Valdoviño, 16 de maio de 2022.

O alcalde, Asinado/Alberto González Fernández”

-
A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.

2º.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRA “DEMOLICIÓN DE EDIFICIO EN ATIOS” E ADXUDICACIÓN DA MESMA POR CONTRATO MENOR.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA :

“O pleno da Corporación do Concello de Valdoviño aproba, en sesión ordinaria de 1 de xullo de 2021, a execución do viario que rodea a glorieta que fai de intersección entre a Estrada Aldea- A Lagoa e a estrada da Praia, previsto no planeamento vixente, Normas Subsidiarias de Planeamento, de 28/10/1993, que califica o sistema como sistema xeral viario.

Considerando o informe técnico que consta no expediente de expropiación 2021/X999/000386 asinado por Miguel Nieto Matamoros nº de colexiado 16.879 de data 4 de agosto de 2021 con rexistro de entrada no Concello de Valdoviño nº 202199900001229 no que se sinala:

“A la vista de la información analizada, y el estado actual del viario existente en el entorno de la glorieta e intersección de la Estrada Aldea-A Lagoa y Estrada da Praia, se informa lo siguiente: Los viales existentes que confluyen en la glorieta no disponen de itinerarios peatonales accesibles requeridos para los espacios urbanizados, según la normativa vigente en materia de accesibilidad. La ejecución del itinerario peatonal accesible en la confluencia de la Estrada Aldea-A Lagoa con la Estrada da Praia requiere la ocupación y demolición del edificio situado en la parcela con referencia catastral nº 8593501NJ6289N0001PD, el cual se encontraría, según los criterios que establece la modificación puntual de las Normas Subsidiarias de Planeamiento, aprobada el 17 de febrero de 1999, fuera de planeamiento, entendiéndose que los terrenos que ocupa están calificados como sistema viario en las mencionadas Normas Subsidiarias de Planeamiento. Todo ello sin perjuicio de lo que establezca una opinión mejor fundada.”

A Xunta de goberno local, aproba en sesión ordinaria de data 26 de agosto de 2021, a **aprobación inicial** de expropiación urbanística do “Proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta para execución de planeamento: Sistema xeral viario glorieta entre a estrada da aldea da lagoa.

A Xunta de goberno local, aproba en sesión ordinaria de data 16 de decembro de 2021, a **aprobación definitiva** de expropiación urbanística do “Proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta para execución de planeamento: Sistema xeral viario glorieta entre a estrada da aldea da lagoa.

Á vista do **Proxecto de demolición de edificio en Atios**, asinado polo técnico Arquitecto Col. Nº 2 261, Isidro López Yáñez, con data de rexistro de entrada 18 de maio de 2022 e número 222000001353.

Á vista do presuposto de Demoliciones **Coruña S.L.**, C.I.F.B.70595277 con data de rexistro de entrada 18 de maio de 2022 e número 222000001352, polo prezo de 18.230,00 sen IVE.

Examinada a documentación que acompaña o expediente, esta Alcaldía en uso das atribucións atribuídas no artigo 21 da Lei 7/1985 reguladora do Réxime local e demais disposicións en vigor, **PROPÓN** á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. - Aprobar o **Proxecto de demolición de edificio en Atios**, asinado polo técnico Arquitecto Col. Nº 2 261, Isidro López Yáñez de maio de 2022.

SEGUNDO. – Adxudicar a obra á empresa **Demoliciones Coruña S.L.**, C.I.F.B.70595277 polo prezo **total de 22.058,30 euros**; dos que 18.230,00 corresponden ao prezo sen IVE e 3.828,30 euros ao IVE, con cargo á aplicación orzamentaria 1722.60900.

TERCEIRO. – Nomear como **Director de Obra e Coordinador de Seguridade e Saúde a José Isidro López Yáñez, COAG 2.261.**

CUARTO. – Notificar o presente acordo á adxudicataria; así como notificar ao Director de Obra para que exerza as súas función derivadas do nomeamento.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local, decidirá o que estime máis convinte. Valdoviño, a 18 de maio de 2022

O alcalde: Asdo. Alberto González Fernández “

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Presentanse os dous asuntos seguintes para incluír Fóra da Orde do Día: unha corrección de erro na proposta de Alcaldía dun expediente de obras, e a aprobación de convenio de colaboración entre o Concello de Cerdido e o Concello de Valdoviño en materia de persoal, baseando a urxenza no primeiro caso na necesidade de emendar o erro e a outra pola necesidade de atender a demanda da administración local (Cerdido).

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus compoñentes ratifica a urxenza e por ende, inclúense ditos asuntos Fóra da Orde do Día desta sesión.

.- CORRECCIÓN DE ERROS NA PROPOSTA DE ALCALDÍA PADECIDA NO EXPEDIENTE DE OBRAS Nº 271/2021.-

Dada conta do erros na proposta de Alcaldía en relación ao expediente de obras núm. 271/2021, que se levou a aprobación a Xunta de Goberno Local en sesión de 31 de marzo do corrente, procedese pola Xunta de Goberno a aprobar en votación ordinaria e unanimidade dos seus compoñentes a emenda de ditos erros:

1.- Corrección de erro no punto primeiro do acordado, debendo conceder á licenza aos promotores [REDACTED] (representados por don [REDACTED]); posto que na proposta figura de xeito erroneo a concesión da licenza [REDACTED]

2.- Corrección de erro no punto segundo do acordado, debendo figurar que as obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto redator do proxecto

Alberto García-Samaniego Rey; posto que figuraba como arquitecto erróneamente Manuel Porto Vila.

En consecuencia, a Xunta Acorda deixar constancia da corrección nas respectivas actas, permanecendo o restante acordo de data 31.03.2022 (salvando os erros sinalados) co mesmo contido, e dar traslado ao negociado de obras para a correcta tramitación do expediente.

- APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CERDIDO E O CONCELLO DE VALDOVIÑO EN MATERIA DE PERSOAL.-

Dada conta á Xunta de Goberno Local pola secretaria municipal do escrito rexistro entrada 202290000000540 de data 19.05.22, procedente do Concello de Cerdido no que se solicita colaboración de Valdoviño con este Concello, en materia de persoal enviando o texto do convenio e tomada razón do seu contido, o sr. Alcalde somete a votación a aprobación do dito convenio, do tenor literal seguinte:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CERDIDO E O CONCELLO DE VALDOVIÑO EN MATERIA DE PERSOAL

En Cerdido, a 19 de maio de
2022

COMPARECEN

Por unha parte, Don Benigno Galego Castro, Alcalde-Presidente do Concello de Cerdido, en uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Por outra parte, Don Alberto González Fernández, Alcalde-Presidente do Concello de Valdoviño, en uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN

1º.- Que ambas entidades locais están amparadas para a subscripción de convenios de colaboración para garantir unha prestación mais eficaz dos servizos básicos da súa competencia, en virtude do disposto nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e nos artigos 5.2, 187 e 193 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

2º.-A Lei 2/2015 de 29 de abril de emprego público de Galicia, regula no seu artigo 209 a realización polo persoal funcionario propio das entidades locais de funcións e tarefas no ámbito territorial doutras entidades locais establecendo que de acordo co principio de colaboración interadministrativa, o persoal funcionario propio dunha entidade local poderá realizar funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local indicando que para elo as entidades interesadas deberán formalizar o oportuno convenio, o cal especificará o ámbito de aplicación, os servizos afectados pola realización das funcións e tarefas no ámbito

territorial doutra entidade local, o persoal asignado aos devanditos servizos e as función e tarefas que desenvolverá o persoal afectado.

3º.- O Concello de Cerdido atópase nunha situación moi problemática de escaseza de persoal como consecuencia da xubilación do único administrativo do concello e a baixa da secretaria-interventora, contando actualmente só con dous funcionarios de oficina (o auxiliar administrativo e o traballador social) e a labor do secretario-interventor e tesoureira en acumulación. A situación co actual convenio dun Admtvo. co Concello de Valdoviño é insuficiente e máis con diversos de selección de persoal en marcha e bolsas de persoal, así como a necesidade de desfrutar as vacacións regulamentarias e ausencias do persoal actual.

4º.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación, así cabe mediante a necesaria colaboración entre distintas administracións locais, poder prestar aos veciños servizos de calidade.

5º.- Que o Concello de Valdoviño dispón entre os seus medios persoais, dun funcionario que lle pode dar cobertura as necesidades deste Concello na materia que nos ocupa.

CLÁUSULAS

1ª.- Obxecto do Convenio e ámbito de aplicación.

O presente Convenio ten por obxecto establecer a forma e condicións de colaboración entre os comparecentes, posto que os dous concellos teñen interese en articular un cauce de colaboración para que a persoa designada polo Concello de Valdoviño, que está conforme coa dita designación, poida desenvolver as súas funcións nas dependencias do Concello de Cerdido en calidade de aux. de xeito temporal polo prazo máximo de un ano para realizar estas funcións.

2ª.- Servizos afectados pola realización das funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local e detalle das funcións e tarefas que desenvolverá o persoal afectado.

O funcionario designado realizará as funcións propias da Subescala Auxiliar e as recollidas na relación de postos de traballo do Concello de Cerdido para os auxiliares, especialmente, pero non exclusivamente, en materia de tramitación de expedientes, axuda e colaboración no rexistro e estatística así como colaboración na área de secretaría e, en xeral aquelas que lle sexan requiridas pola alcaldía no ámbito das súas funcións.

3ª.- Forma de colaboración das partes

O traballador do Concello de Valdoviño desenvolverá as súas funcións nas dependencias administrativas do Concello de Cerdido.

A intensidade e horarios dependerán das necesidades de ambos concellos fixándose un máximo de 16 horas semanais, sen prexuízo de que por necesidades do servizo se poidan realizar un número maior en circunstancias excepcionais que deberán contar coa autorización de ambos concellos e do traballador, para o que asinarán un documento conxunto os dous representantes

municipais e o funcionario de acordo co modelo contido no Anexo I deste convenio.

O Concello de Cerdido transferirá ao Concello de Valdoviño os importes que deriven do seguinte cálculo:

Nº de horas de traballo realizadas mensualmente dentro dos límites sinalados: coste hora gratificación A tal efecto, nos dez primeiros días do mes seguinte, o empregado do Concello de Valdoviño presentará un parte de horas realizadas no mes anterior, que será asinado polo Alcalde de Concello de Cerdido, en proba de conformidade, tramitando o gasto correspondente que será ingresado mediante transferencia bancaria.

O Concello de Valdoviño abonará a cantidade mensual de gratificacións resultante unha vez recibido o ingreso do Concello de Cerdido, na nómina do traballador ó final de cada mes.

4ª.- Designación do funcionario/a do Concello de Cerdido a que se lle encomenda a realización das ditas tarefas

O funcionario/a designado/a é Dn/Dna. Juan José Pérez Fernández.

5ª.- Natureza administrativa do convenio

Este acordo ten natureza administrativa, quedando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ao abeiro do disposto no seu artigo 6.

6ª.- Cuestións litixiosas.

O presente Convenio ten carácter administrativo, réxese polo establecido nas súas cláusulas. Se non hai acordo, as cuestións litixiosas serán de coñecemento da orde xurisdiccional Contencioso-Administrativa.

7ª.- Vixencia do Convenio.

O presente convenio entrará en vigor dende o momento da súa sinatura polo prazo dun ano.

Para o exercicio 2022 cóntase con crédito axeitado e suficiente na aplicación 934.462, quedando condicionado este convenio á consignación efectiva de crédito para a anualidade 2022.

O Concello de Cerdido comprométese a consignar no seu orzamento de 2022 crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas derivadas deste convenio.

Ademais, o convenio perderá a súa vixencia previa comunicación a outra parte cunha antelación de 15 días, polos seguintes motivos:

- Por non ser necesaria a prestación da dita colaboración, si o Concello de Cerdido acada igualmente un funcionamento áxil dos seus servizos.

- Si a persoa designada para a dita colaboración, manifesta posteriormente non estar conforme con continuar prestando os seus servizos no outro termo municipal.

- Si o Concello de Valdoviño estima que non é posible colaborar, con motivo de dar cobertura a necesidades propias do seu concello.

Nestes supostos o empregado designado presentará un parte das horas realizadas pendentes de abonar e no prazo, e previa conformidade da Alcaldía, procederase ao abono dos importes que se determinan na cláusula terceira.

O convenio poderá ser obxecto de prórroga por unha duración máxima igual á estipulada, un ano.

A estes efectos será necesario acordo de prórroga expresa adoptado polos órganos competentes de ambos concellos e a constancia da conformidade expresa da funcionaria; todo con carácter previo á finalización do convenio.

O alcalde do Concello de Cerdido
O alcalde do Concello de Valdoviño”

A Xunta de Goberno Local, ACORDA en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros:

1º.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Cerdido e o Concello de Valdoviño en materia de persoal, nos termos do propio convenio.

2º.- Dar traslado do acordo ao Concello de Cerdido para o seu coñecemento e aos efectos de sinatura polos alcaldes de ámbolos dous Concellos.

3º.- Comunicar a aprobación de dito convenio aos servizos de intervención e tesoureira municipal para os trámites de pagamento ao funcionario de Valdoviño designado para a realización das tarefas no Concello solicitante.

PARTE ACTIVIDADE

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/